

AGORA SI

APROBADO E PUBLICADO O DECRETO 817/2025, DE COEFICIENTES REDUTORES PARA QUE OS BOMBEIROS E BOMBEIRAS FORESTAIS POIDAN XUBILARSE ANTICIPADAMENTE

Despois de todo o traballo realizado por CCOO, CSIF e UGT durante os últimos anos, por fin entra en vigor a norma que permite xubilarse anticipadamente con coeficientes redutores aos profesionais da prevención e extinción de incendios.

Esta medida ten a súa orixe na Lei Básica de Bombeiros Forestais aprobada polo Parlamento no ano 2024 e na que **CCOO, CSIF e UGT** tivo unha importante participación con propostas e xuntanzas cos grupos parlamentarios co obxectivo de establecer non só a aplicación de coeficientes redutores na idade de xubilación, senón tamén un marco regulador homoxéneo en canto a funcións e condicións de común aplicación para todos os colectivos de persoas que interveñen na prevención e extinción de incendios, independentemente da administración á que pertencen.

As claves desta nova regulación son as seguintes:

- Aplicación dun coeficiente redutor do **0,20 sempre e cando a persoa acredite un período mínimo de cotización de 15 anos.** É dicir, unha persoa con 15 anos cotizados verá reducida a súa idade de acceso á xubilación en tres anos que se considerarán como anos cotizados á hora de calcular o importe final da pensión de xubilación. Á súa vez, para manter o equilibrio financeiro do sistema de Seguridade Social, aplicárase unha cotización adicional (10,60 % - o 8,84 % a cargo da empresa e o 1,76 por cento a cargo da persoa traballadora).
- **Poderase anticipar a idade de xubilación ata un máximo de cinco anos en relación á idade ordinaria de xubilación.** Quere isto dicir que un traballador que puidese xubilarse aos 65 anos, como máximo poderá anticipar a súa xubilación aos 60 anos. Excepcionalmente, poderase anticipar ata 6 anos no caso de persoas que acrediten un período de cotización de 35 anos de actividade como bombeiro/a forestal.
- Para facilitar a aplicación destes coeficientes desde a Tesourería Xeral da Seguridade Social xa se ditaron as correspondentes instrucións ás empresas e administracións.

- **Este coeficiente redutor aplicarase de oficio por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social cando o interesado solicite a súa pensión de xubilación.** Polo tanto, non hai que facer unha solicitude expresa de recoñecemento do coeficiente redutor da idade de xubilación; senón que, no momento en que o INSS comproba que o traballador/a cumpre os requisitos (establecidos no art. 205 da Lei Xeral da Seguridade Social), xa aplica directamente a compensación correspondente. Isto, sempre que o traballador presente o certificado da empresa acreditativo do período durante o cal desempeñou a súa actividade.

Así as cousas, desde **CCOO, CSIF e UGT** instamos á Xunta de Galicia a que poña en marcha con carácter inmediato todas as accións e modificacións que marca a normativa básica estatal (en especial as instrucións ditadas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se refire ao recoñecemento dos códigos de ocupación – CNO – e á aplicación das cotizacións adicionais) co obxectivo de axilizar e facilitar o máximo posible o exercicio do dereito de xubilación con aplicación de coeficientes redutores para os profesionais vinculados á prevención e extinción de incendios.

Valoramos moi positivamente que o longo camiño iniciado hai varios anos culmine hoxe cunha norma que ven poñer en valor o traballo dos bombeiros/as forestais e ven facer xustiza (igualando a súa xubilación ao resto de bombeiros) ao recoñecer os riscos aos que está sometido este colectivo de traballadores e traballadoras, e que desgraciadamente amosou toda a súa dureza durante a dura vaga de lumes deste verán.

Por último, desde **CCOO, CSIF e UGT** lembramos que nas próximas semanas verá tamén a luz o Decreto que regula esta mesma materia para o colectivo de axentes forestais e medioambientais (do que tamén daremos a oportuna información)